

## **Curso de director/a en actividades de tempo libre.**

**Organiza e Imparte:** ETL Illas Atlánticas.

A Escola de Tempo Libre Illas Atlánticas é unha escola habilitada pola Xunta de Galicia que está inscrita e autorizada no Rexistro de Escolas de tempo libre de Galicia co número G-72

**Lugar de realización:** No Centro de Formación Illas Atlánticas.

Enderezo: Lugar de Touro, nº 1 baixo. 15960 Ribeira (A Coruña)

**Horarios:** O curso consta de 15 días con sesións de 10 horas diarias de 09 a 14 h e de 16 a 21 horas.

**Datas do curso:**

9,10,16,17,23,24 e 30 de novembro de 2019.

6,7,8,14 e 15 de decembro de 2019.

11,12 e 18 de xaneiro de 2020.

**Requisitos do alumnado:**

1. Estar en posesión do título de monitor/a de actividades de tempo libre.
2. Posuír, polo menos, un título de ensino secundario.
3. Acreditar unha experiencia de traballo como monitor/a no campo da educación/animación no tempo libre de, polo menos, 250 horas ou como integrante do equipo de animación en colonias ou campamentos por un total de 30 días, despois da obtención do título de monitor/a.

**Obxectivos:**

O curso de director/a en actividades de tempo libre ten por **obxecto** a formación de persoas capacitadas para a coordinación dun equipo de monitores e especialistas para a organización de actividades de animación socio-cultural e recreativas, xa sexan de tempo libre urbano ou de natureza.

**As funcións e tarefas** para as que capacita dito curso son:

- a) Detectar as necesidades de intervención en grupos con características específicas.
- b) Dirixir, executar e avaliar accións de animación.
- c) Localizar e xerar recursos para o desenvolvemento da intervención programada.
- d) Coordinar o equipo de monitores ou especialistas que colaboren no programa.
- e) Participar nun equipo multidisciplinar que desenvolva unha actividade a grande escala.

**Prezo:**

- Interesados e interesadas en xeral: 180 €

### **Número de participantes.**

Mínimo: 10 alumnos/as.

Máximo: 25 alumnos/as.

### **Metodoloxía e funcionamento do curso.**

Información e inscricións do curso nas oficinas da Escola de Tempo Libre Illas Atlánticas.

Para inscribirse hai que:

- Cubrir a ficha de inscrición.
- Copia do DNI.
- Copia da titulación mínima esixida.
- Copia do Título de Monitor/a.
- Certificado coa experiencia mínima solicitada.
- 1 fotografía a cor tamaño carné.
- Copia do pagamento da matrícula.

### **Datos de interés:**

- Segundo o Decreto 50/2000 que regula os cursos de tempo libre está permitido a falta do 20 % (30 horas) das horas totais do curso de director/a, non podendo superalas en ningún momento.
- Unha vez rematada a parte teórica de 150 horas e o alumnado acadara o APTO, teñen 2 anos para realizar a parte práctica.
- A ETL Illas Atlánticas facilitará as prácticas a todo o alumnado que así o desexe, ben en actividades propias, coma en outras entidades de tempo libre.
- Antes de comezar a fase práctica o alumnado debe face un proxecto de prácticas.
- Ao finalizar a fase práctica terá que presentar unha memoria das actividades levadas a cabo e un certificado do seu titor/a conformando que sí as realizou con satisfacción.
- A Xunta de Galicia solicita pola emisión da titulación oficial unhas taxas de 11,40 € (ano 2019) que deberá aboar cada alumno/a ao rematar a fase práctica e estar APTO.